M+J

por un mundo máis xusto

PROGRAMA

ELECCIÓNS XERAIS

2026

SE NON É XUSTO, CÁMBIAO. / 29N



Desde 2004 traballamos por un mundo máis xusto, con rigor, respecto e fraternidade.

PROGRAMA ELECTORAL · 29N 2026

Índice

32 eixes para un mundo máis xusto · preme en cada eixe para ir a el · **Ver guía por colectivos →**

01	Vivenda	4
02	Convivencia	12
03	Maiores	15
04	Infancia e adolescencia	18
05	Xuventude	21
06	Pensións	23
07	Fiscalidade xusta e sustentabilidade das finanzas públicas	25
08	Traballo digno	28
09	Autónomos	31
10	Industria	33
11	Sanidade pública, universal e de calidade	36
12	Saúde mental	40
13	Coidar ao principio e ao final da vida	42
14	Educación equitativa, inclusiva e de calidade	44
15	Ciencia e investigación	47
16	Política migratoria	49
17	Loita contra a emerxencia climática	52
18	Coidado do planeta e da biodiversidade	54
19	Políticas de transición enerxética	57
20	Protección animal	59
21	Cultura	61
22	Política exterior ao servizo da paz e do desenvolvemento sostible	63
23	Calidade democrática	66
24	Bo goberno	70
25	Participación cidadá	72
26	Erradicación da pobreza	74
27	Igualdade de xénero e protección dos dereitos das mulleres	76
28	Dereitos e igualdade efectiva das persoas LGTBI	79
29	Sinfogarismo	81
30	Prisións e reinserción social	84
31	Cooperación internacional	86
32	Repoboamento rural	89
+	*Fontes documentais e achegas da sociedade civil*	91

ETIQUETAS TRANSVERSAIS

Guía por colectivos

Atopa as propostas que máis che afectan. Preme en cada eixe para ir a el.

Dereitos e democracia

- 02 Convivencia
- 16 Política migratoria
- 23 Calidade democrática
- 24 Bo goberno
- 25 Participación cidadá
- 27 Igualdade de xénero e protección dos dereitos das mulleres
- 28 Dereitos e igualdade efectiva das persoas LGTBI
- 30 Prisións e reinserción social

Mundo e paz

- 22 Política exterior ao servizo da paz e do desenvolvemento sostible
- 31 Cooperación internacional

Inclusión social

- 01 Vivenda
- 04 Infancia e adolescencia
- 08 Traballo digno
- 16 Política migratoria
- 26 Erradicación da pobreza
- 29 Sinfogarismo
- 30 Prisións e reinserción social

Igualdade

- 27 Igualdade de xénero e protección dos dereitos das mulleres
- 28 Dereitos e igualdade efectiva das persoas LGTBI

Economía e emprego

- 05 Xuventude
- 06 Pensións
- 07 Fiscalidade xusta e sustentabilidade das finanzas públicas
- 08 Traballo digno
- 09 Autónomos
- 10 Industria
- 19 Políticas de transición enerxética

Coñecemento e cultura

- 15 Ciencia e investigación
- 21 Cultura

Servizos públicos

- 03 Maiores
- 11 Sanidade pública, universal e de calidade
- 12 Saúde mental
- 13 Coidar ao principio e ao final da vida
- 14 Educación equitativa, inclusiva e de calidade

Maiores

- 03 Maiores
- 06 Pensións
- 13 Coidar ao principio e ao final da vida

Planeta

- 17 Loita contra a emerxencia climática
- 18 Coidado do planeta e da biodiversidade
- 19 Políticas de transición enerxética
- 20 Protección animal
- 32 Repoboamento rural

Mundo rural

- 09 Autónomos
- 18 Coidado do planeta e da biodiversidade
- 21 Cultura
- 32 Repoboamento rural

Familias e infancia

- 01 Vivenda
- 04 Infancia e adolescencia
- 13 Coidar ao principio e ao final da vida
- 14 Educación equitativa, inclusiva e de calidade
- 26 Erradicación da pobreza

Mocidade

- 01 Vivenda
- 05 Xuventude
- 12 Saúde mental
- 14 Educación equitativa, inclusiva e de calidade

01

EIXE 01 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Vivenda

Interésache se che importa: Inclusión social | Mocidade | Familias e infancia

> *Para M+J a vivenda é un dereito humano e unha condición necesaria para desenvolver unha vida digna, autónoma e en comunidade, e nunca un activo financeiro nin un instrumento de acumulación patrimonial.*

OBXECTIVOS

Garantir este dereito require unha responsabilidade compartida de toda a sociedade e políticas públicas ambiciosas, sostibles e xustas, que sitúen as necesidades das persoas e o ben común no centro das decisións.

Para avanzar neste compromiso, o noso programa de vivenda ten os seguintes obxectivos:

- Garantir que todas as persoas poidan acceder a unha vivenda digna, estable e accesible, sen que o seu custo lles impida cubrir outras necesidades básicas.
- Crear un parque público e social de vivenda amplo, permanente e sostible, que protexa as xeracións presentes e futuras.
- Reducir os prezos abusivos do aluguer e a especulación inmobiliaria, dándolle prioridade á función social da vivenda fronte ao seu uso como activo exclusivamente financeiro.
- Aumentar a oferta de vivenda dispoñible, aproveitando os inmobles baleiros, rehabilitando edificios existentes e promovendo novas vivendas accesibles.

- Protexer as persoas inquilinas e ofrecer seguridade xurídica e garantías xustas ás e aos pequenos propietarios, favorecendo relacións de aluguer estables e equilibradas.
- Construír cidades e vilas máis habitables, inclusivas e sostibles, onde todas as persoas poidan desenvolver o seu proxecto de vida sen se veren expulsadas dos seus barrios.
- Erradicar progresivamente o sinfogarismo, situando o acceso a unha vivenda estable como punto de partida para a inclusión e a autonomía persoal.
- Evitar que ningunha persoa ou familia vulnerable quede sen fogar como consecuencia dun desafiuzamento, garantindo alternativas habitacionais axeitadas e unha intervención pública preventiva.

En definitiva, queremos que ter un fogar deixe de depender da sorte, do lugar onde nacemos ou do patrimonio da nosa familia. Que ningunha persoa teña que escoller entre pagar a súa vivenda, alimentarse ou vivir con dignidade.

MEDIDAS

01 Crear un gran parque público de vivenda accesible en aluguer.

Incrementar substancialmente o parque de vivenda social que permanecerá, baixo algún tipo de control público ou social, destinado ao aluguer.

As persoas inquilinas destas vivendas pagarán un aluguer en función da súa renda, que se revisará anualmente adecuándoo ás condicións económicas de cada momento, xa sexa á alza ou á baixa, e que nunca superaría o 30% da renda familiar.

Obxectivo 5% (desde o 1,1% actual): alcanzar polo menos 1,35 millóns de vivendas sociais e accesibles de carácter permanente en 2030, como primeira etapa cara a un parque social do 10% durante a década seguinte.

O ESFORZO EN CIFRAS

Folla de ruta do parque público e social de vivenda

1,1 % → 5 %
do parque de vivenda en 2030

1,35 M
vivendas sociais e accesibles permanentes

≤ 30 %
da renda familiar como aluguer máximo

× 12–18
a achega estatal anual actual



Porcentaxe do parque de vivenda en aluguer social e accesible por horizonte, co esforzo orzamentario estatal recomendado.

OBXECTIVO	HORIZONTE	ESFORZO ORZAMENTARIO ESTATAL RECOMENDADO
5 %	2030	10–15.000 M€/ano
10 %	2035	8–12.000 M€/ano
15 %	2040-45	6–10.000 M€/ano
20 %	longo prazo	progresivamente mediante reinvestimento e financiamento

Canto maior sexa o parque público, menor necesidade haberá de financialo exclusivamente con impostos: as rendas sociais xeran ingresos recorrentes.

(Actualmente o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 mobiliza 7.000 M€ en cinco anos, dos cales 4.200 M€ son estatais. Esta proposta de 10.000–15.000 M€ estatais/ano suporía aproximadamente 12–18 veces a achega estatal media anual do actual Plan Estatal de Vivenda. Isto suporía un cambio de escala na política española de vivenda).

Esforzo orzamentario estatal anual



Achega estatal media do Plan Estatal 2026-2030 (4.200 M€ en cinco anos) fronte á proposta de M+J.

---

02 Garantir o carácter público e permanente da vivenda protexida.

- Toda vivenda protexida manterá esa cualificación de forma permanente. O seu prezo máximo de venda actualizarase segundo o Índice de Prezos de Consumo (IPC), desvinculado das flutuacións do mercado inmobiliario, e determinarao e supervisarao a Administración competente.
- A Administración terá dereito de tanteo e retracto en cada venda dunha vivenda protexida, de xeito que poida adquirila ou facilitar a súa transmisión a outra persoa demandante, garantindo que siga destinada a vivenda protexida.
- Prohibiremos a venda, cesión ou transferencia de vivendas públicas en aluguer a empresas privadas, baixo calquera fórmula xurídica, garantindo a súa permanencia no patrimonio público e o seu destino ao aluguer social e accesible.

---

03 Mobilizar o solo e os inmobles públicos.

- Priorizar a construción de vivenda social e accesible e a rehabilitación de edificios públicos para habilitalos como vivendas, facilitando o cambio de uso.
- Inventariar os edificios públicos infrautilizados, en especial os de gran tamaño situados nas zonas máis céntricas das cidades, e destinar a vivenda social e accesible os que non sexan imprescindibles para prestar un servizo público, aplicando criterios de austeridade e eficiencia no uso do patrimonio público.
- Prohibir a venda de solo público e a monetización dos aproveitamentos urbanísticos, acompañándoo dun financiamento extraordinario aos concellos.

- Fixar reservas de solo real e dereito de tanteo e retracto sobre solo e inmobles públicos para o terceiro sector.
- Controlar e auditar as valoracións de edificios públicos e os investimentos en activos inmobiliarios públicos que poidan estar a intervir no valor do activo inmobiliario privado.

04 Regular os alugueres privados.

- Establecer un aluguer de referencia e limitar o prezo en función das características e da localización da vivenda.
- Crear un organismo independente que permita o control e a denuncia polo incumprimento no cobro dos prezos de aluguer de referencia fixados pola Administración.
- Os contratos de aluguer de vivenda habitual serán indefinidos e só poderán rematar por necesidade acreditada da vivenda para a persoa propietaria ou os seus familiares directos, ou por incumprimento da persoa inquilina. A venda da vivenda non extinguirá o contrato, e a persoa inquilina terá dereito preferente de compra.

05 Garantías para as pequenas propietarias.

Protexer as persoas inquilinas é compatible con darlles seguridade a quen aluga unha ou dúas vivendas como persoa física. Para elas propoñemos:

- Incentivar, mediante medidas fiscais, o aluguer social, tanto para a persoa propietaria como para a persoa inquilina, e establecer mecanismos que diferencien estas medidas entre grandes e pequenas propietarias, evitando o prexuízo desproporcionado destas últimas.
- Crear un seguro público de aluguer, garantido pola Administración, que cubra os impagamentos e os danos ás persoas físicas propietarias que aluguen a súa vivenda a un prezo igual ou inferior ao de referencia.
- Ofrecer incentivos e garantías públicas ás persoas propietarias que poñan no mercado de aluguer as súas vivendas baleiras (medida 7).

- Evitar que o custo dunha política de protección fronte aos desafiuzamentos recaia inxustamente sobre pequenas propietarias. Establecer mecanismos públicos de compensación cando a persoa propietaria sexa unha persoa física que dependa significativamente da renda para a súa subsistencia.

06 Facilitar a construción.

- Simplificar os trámites, a burocracia e a normativa, flexibilizando as condicións do CTE (Código Técnico da Edificación) sempre que queden aseguradas a habitabilidade e a calidade.
- Establecer convenios de colaboración cos colexios profesionais para facilitar a aplicación do punto anterior.
- Crear un rexistro de empresas promotoras/construtoras, acreditadas e colaboradoras da Administración, para o desenvolvemento de vivenda pública.
- Bonificar a promoción de vivenda pública desenvolvida por promotoras privadas, asegurando o beneficio por parte da Administración sen a preocupación das vendas ou dos alugueres.

07 Recuperar vivenda existente.

- Poñer no mercado a vivenda baleira (incentivando, e con garantías públicas, as persoas propietarias que a mobilicen e penalizando con medidas fiscalmente proporcionadas a quen non a poña no mercado de aluguer ou venda).
- Propiciar a recuperación e a posta no mercado de edificios infrautilizados e fomentar a transformación de usos.
- Crear un censo de vivendas baleiras e unha relación de demandantes de vivenda.
- Dispoñer unha liña de financiamento favorable para a rehabilitación de vivendas ou edificios sempre que se asegure a súa vinculación final a un uso social da vivenda.
- Incentivar a rehabilitación, a colmatación da edificabilidade en edificios existentes e o desenvolvemento de soares nos cascos urbanos, fronte ao desenvolvemento de novos sectores.

08 Frear a especulación e os usos que expulsan a vivenda residencial.

- Establecer un réxime impositivo exponencial segundo o número de compras de vivendas, xa sexan de particulares ou de sociedades, e limitar mediante fiscalidades extraordinarias a acumulación de vivenda baixo unha mesma propiedade, especialmente a vivenda turística.
- Investigar a titularidade das sociedades para evitar que se eluda a fiscalidade correspondente e o uso de sociedades pantalla e interpostas.
- Establecer un réxime impositivo especial na compra ou no aluguer de vivendas con prezos por riba dun límite establecido, para as persoas estranxeiras.

09 Axencia Pública de Información e Protección da persoa inquilina.

Crear unha ferramenta nacional, coordinada coas comunidades autónomas e os concellos, que permita a calquera persoa coñecer de balde: o aluguer medio da súa zona, o aluguer de referencia, o prezo máximo legal cando exista regulación, os dereitos da persoa inquilina, as axudas dispoñibles, as condicións do seu contrato e as vías de reclamación. E, sobre todo: que denunciar un aluguer ilegal ou abusivo non obrigue a cidadanía a converterse en experta xurídica.

10 Vivenda e urbanismo deben formar parte da mesma política.

- As cidades deben privilexiar tecidos urbanos onde a proximidade e a habitabilidade reduzan as necesidades de mobilidade.
- Preservar o comercio de proximidade e evitar procesos de substitución comercial que deterioren a diversidade económica e social, mesmo limitando a implantación de comercios xentrificadores en determinadas zonas.
- Recuperar o espazo público para crear sociedade.
- Nos novos desenvolvementos urbanísticos, garantir a súa execución nun prazo determinado, de xeito que, se este non se cumpre, sexa a Administración quen poida

desenvolver as parcelas que non o fixeran, destinándoas á execución de vivenda pública, xustificando unicamente o incumprimento do prazo e adquiríndoas á propiedade polo valor do solo segundo o seu dereito.

11 Protección fronte aos desafiuzamentos.

- Suspender a execución dos desafiuzamentos cando a persoa ou familia se atope de forma acreditada en situación de vulnerabilidade económica ou de calquera outro tipo e/ou careza de alternativa habitacional axeitada. O lanzamento non poderá executarse ata que exista unha solución habitacional efectiva avalada pola Administración ou pola entidade social competente.
- Crear unha Oficina pública de defensa habitacional e un Sistema de Alerta Temperá. A actuación da Administración pública debe producirse antes do desafiuzamento, non cando xa existe unha data de lanzamento.
- Crear un Fondo de Emerxencia Habitacional destinado a evitar que un desafiuzamento se converta en sinfogarismo.
- Aplicar nestes casos os mecanismos de compensación a pequenas propietarias previstos na medida 5.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Parque de vivenda social e accesible	1,1 % do parque Dato do programa	**5 % · ≥ 1,35 millóns de vivendas**	**2030**
Parque social (horizonte)	1,1 % do parque Dato do programa	**10 % do parque**	**2035**
Esforzo do alugamento	98,7 % do salario xove para alugar en solitario CJE · 2025	**Alugamento social: nunca máis do 30 % da renda familiar**	**2028**

HOXE: último dato oficial dispoñible, coa súa fonte. META: compromiso de M+J para a lexislatura 2026–2030.

FONTES CONSULTADAS [6] Oxfam Intermón [9] Red FACIAM

02

EIXE 02 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Convivencia

Interésache se che importa: **Dereitos e democracia**

> *A diversidade de orixes, crenzas e formas de vida é unha riqueza, pero só cando nos coñecemos e nos tratamos como iguais. Fronte aos discursos que sementan medo e sinalan colectivos enteiros, apostamos pola mediación, a educación para a paz e a xustiza restaurativa. Queremos barrios e vilas onde ninguén sexa sospeitoso polo seu nome, pola súa cor de pel ou pola súa relixión.*

01 **Aprobar un Pacto de Estado contra os discursos de odio** cara a colectivos en situación de vulnerabilidade con medidas efectivas, que recolla as propostas das organizacións da sociedade civil asinantes do Pacto Social e estea dotado de recursos económicos que permitan a súa viabilidade e eficiencia. Recoñecer a aporofobia (rexeitamento ou medo ás persoas pobres) como un mal que hai que enfrontar e combater.

02 **Combater o racismo e a xenofobia**, promover a convivencia intercultural e avanzar nos dereitos de participación política das persoas migrantes residentes, recoñecendo a súa contribución á nosa sociedade. Aprobar un Plan Nacional contra o Racismo, a islamofobia, o antisemitismo e o antixitanismo, reforzando as políticas de igualdade de trato e non discriminación e desenvolvendo mecanismos efectivos de prevención e resposta fronte aos discursos de odio e a discriminación, en colaboración coas entidades do terceiro sector.

03 **Maior dotación de recursos á educación para fortalecer as competencias** do currículo relacionadas cos dereitos humanos, a promoción dunha cultura de paz, a convivencia democrática e a xustiza restaurativa; para impulsar programas de educación emocional e resolución pacífica de conflitos en centros escolares e comunitarios, de mediación escolar e círculos restaurativos; e para reforzar a perspectiva intercultural, relixiosa, espiritual e ética do nosoutras e nosoutros.

04 Creación dun **Fondo Estatal de financiamento plurianual para a integración e a convivencia** entre menores migrantes e as comunidades de acollida. Este fondo apoiará o desenvolvemento de programas de mentoría social, redes de familias colaboradoras, actividades compartidas con mozas e mozos da comunidade, participación en asociacións locais e proxectos de convivencia intercultural. En diálogo coas comunidades autónomas, os concellos e as entidades sociais, estableceranse criterios comúns de calidade, acompañamento profesional, protección da infancia e avaliación de resultados, vinculando o financiamento á continuidade dos programas e á súa capacidade para xerar vínculos comunitarios duradeiros.

05 Creación dunha **Rede Pública de Memoria, Reparación e Xustiza Restaurativa**, mediante a cooperación entre o Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e as organizacións especializadas, para garantir unha atención integral, gratuíta, accesible e continuada ás vítimas das violencias políticas e aos seus familiares. Esta rede abordará as consecuencias da Guerra Civil, da ditadura franquista, do terrorismo de ETA e doutras vulneracións graves dos dereitos humanos, respectando as particularidades históricas e xurídicas de cada caso, sen equiparar responsabilidades nin diluír os dereitos das vítimas.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Delitos de odio rexistrados	1.955 feitos Ministerio do Interior · 2024	**-25 %**	**2030**
Plan Nacional contra o Racismo, a islamofobia, o antisemitismo e o antixitanismo	*Medida nova*	**Aprobado, con orzamento propio e avaliación anual**	**2027**
Rede Pública de Memoria, Reparación e Xustiza Restaurativa	*Medida nova*	**En funcionamento en todas as CCAA**	**2028**

03

EIXE 03 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Maiores

Interésache se che importa: Maiores | Servizos públicos

> *As persoas maiores sostiveron este país e seguen coidando del. Merecen envellecer con dereitos, preto das súas familias e no lugar que escollan, sen que a idade sexa nunca motivo de exclusión. A pandemia mostrounos con crueza o que ocorre cando o negocio pesa máis ca a dignidade, e non queremos que se repita.*

01 **Aprobar unha Lei Marco Estatal de Dereitos das Persoas Maiores** que estableza os dereitos fundamentais das persoas maiores, os estándares mínimos de atención sanitaria, social e residencial, a protección fronte á discriminación por idade, a garantía de participación social, o dereito aos coidados e o dereito a escoller o modelo de convivencia e residencia. Esta lei deberá ter carácter básico e vincular todas as comunidades autónomas, as administracións públicas e os desenvolvementos normativos posteriores. O seu cumprimento deberá ser esixible ante os tribunais e estar sometido a avaliación periódica polo Parlamento.

02 **Impulsar un Plan Estatal de Emprego Sénior** que contemple incentivos á contratación estable de persoas maiores de 50 anos, programas específicos de formación e recualificación profesional, medidas contra o idadismo laboral e servizos especializados de orientación laboral. Así mesmo, nas contratacións públicas deberán introducirse criterios sociais que valoren a incorporación de traballadores maiores de 50 anos como elemento de responsabilidade social e cohesión interxeracional.

03 **Reformar a Lei de Segunda Oportunidade** para que a exoneración de débedas sexa efectiva e completa, as administracións públicas participen no esforzo rehabilitador, as débedas coa Axencia Tributaria e outros organismos públicos poidan ser obxecto de exoneración en condicións legalmente reguladas e se evite a exclusión económica permanente de persoas xubiladas ou próximas á xubilación.

04 **Recoñecer o dereito efectivo a escoller como e onde vivir durante a vellez**. Para iso impulsaranse vivendas colaborativas ou cohousing, apartamentos con servizos compartidos, vivendas interxeracionais, vivendas tuteladas, centros de convivencia comunitaria e residencias de pequeno tamaño integradas nos barrios e concellos. O financiamento público deberá orientarse a favorecer a diversidade de modelos e non exclusivamente unha única modalidade residencial.

05 **Desenvolver un modelo integral de atención sanitaria para as persoas maiores** inspirado na especialización existente en pediatría, que inclúa equipos multidisciplinares especializados en envellecemento, programas de seguimento personalizado, revisións periódicas obrigatorias, prevención da fraxilidade e da dependencia, atención domiciliaria reforzada, coordinación sanitaria e social e historia sociosanitaria integrada. Ningunha persoa maior deberá carecer de seguimento por razón do seu lugar de residencia ou da súa situación económica.

06 **Someter todo servizo público ou concertado dirixido a persoas maiores a control público permanente**, transparencia económica, priorización da xestión pública e da das entidades sen ánimo de lucro, ratios mínimas de persoal, requisitos de calidade verificables, inspeccións periódicas e publicidade dos resultados. O beneficio económico nunca poderá prevalecer sobre a dignidade, a seguridade ou o benestar das persoas atendidas.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Persoas en lista de espera da dependencia	258.167 persoas Observatorio Dependencia · dec. 2025	**Lista de espera a cero**	2030
Tempo medio de resolución da dependencia	341 días Observatorio Dependencia · 2025	**≤ 90 días**	2028
Plan Estatal de Emprego Sénior (+50 anos)	*Medida nova*	**Aprobado, con incentivos á contratación estable**	2027

FONTES CONSULTADAS [8] Plataforma del Tercer Sector

04



EIXE 04 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Infancia e adolescencia

Interésache se che importa: Familias e infancia | Inclusión social

> *Nenas, nenos e adolescentes non son propiedade de ninguén: son persoas con dereitos propios, recoñecidos na Convención sobre os Dereitos do Neno. España ten unha das taxas de pobreza infantil máis altas da Unión Europea, e iso non é unha fatalidade, senón o resultado de decisións políticas. Propoñemos apoiar a crianza como responsabilidade de toda a sociedade e protexer a infancia fronte á pobreza e á violencia.*

01 **Recoñecer a crianza e o coidado da infancia como unha responsabilidade compartida polo conxunto da sociedade,** impulsando políticas públicas de apoio ás familias e de corresponsabilidade nos coidados. Ampliar os permisos por nacemento e coidado de menores ata as 24 semanas por proxenitor e ata 40 en familias monoparentais, e garantir a remuneración íntegra dos permisos parentais.

02 **Aprobar unha Lei Orgánica de universalización da Atención Temperá,** que permita eliminar listas de espera e desigualdades territoriais, asegurando unha atención integral e coordinada entre os sistemas sanitario, educativo e de servizos sociais e garantindo unha atención temperá universal, gratuíta, intersectorial e especializada.

03 **Garantir a plena aplicación da Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia (LOPIVI**), dotándoa dos recursos económicos, humanos e técnicos necesarios para desenvolver todas as medidas previstas.

Reforzar especialmente a prevención, a detección precoz e a intervención coordinada desde os centros educativos, os servizos sanitarios e os servizos sociais.

04 **Garantir unha xustiza especializada e unha atención integral ás nenas, nenos e adolescentes vítimas de violencia** (directa ou vicaria), estendendo as seccións xudiciais especializadas en violencia contra a infancia, reforzando a especialización da Fiscalía e asegurando a formación dos profesionais implicados. Implantar o modelo Barnahus en todas as comunidades autónomas para ofrecer unha atención coordinada ás vítimas de violencia sexual, evitando a súa revitimización e a repetición innecesaria do relato dos feitos.

05 **Situar a erradicación da pobreza infantil como unha prioridade de Estado**, establecendo obxectivos anuais de redución da pobreza e da exclusión social da infancia, acompañados de indicadores verificables e de mecanismos de seguimento e avaliación. Garantir o acceso gratuíto ao comedor escolar a todo o alumnado en situación de pobreza ou vulnerabilidade económica, asegurando tamén unha alimentación axeitada durante os períodos non lectivos.

06 **Poñer en marcha unha única prestación universal e progresiva para a infancia,** unindo o complemento á infancia para fogares vulnerables e as vantaxes fiscais por menor a cargo, de xeito que teñan dereito a ela todos os fogares con crianzas a cargo, ao tempo que a súa contía varíe en función da renda de cada unidade familiar.

07 **Garantir o dereito de todas as nenas, nenos e adolescentes a unha vivenda digna e axeitada**, priorizando as familias con menores en situación de vulnerabilidade no acceso ao parque público de vivenda e evitando os desaloxos que afecten menores sen unha alternativa habitacional axeitada.

08 **Aprobar a Lei Orgánica de Protección das persoas menores de idade na Contorna Dixital**, garantindo a protección dos dereitos da infancia, especialmente a intimidade, a protección de datos, a privacidade, o acceso á información, o lecer seguro e saudable, a liberdade de expresión e a protección fronte a calquera forma de violencia ou explotación.

09 **Reforzar o sistema de protección da infancia e da adolescencia**, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial, con apoios técnicos, económicos e formativos ás familias acolledoras, e garantindo que ningún neno ou nena de 0 a 6 anos permaneza en centros residenciais de protección. Establecer unha figura

referente de protección obrigatoria en todos os recursos residenciais e asegurar o acompañamento das e dos mozos despois de cumpriren os 18 anos, evitando situacións de desamparo, sinfogarismo e exclusión social.

10 **Protexer a infancia da publicidade de alimentos e bebidas pouco saudables.** Prohibir calquera forma de publicidade ou comunicación comercial de alimentos e bebidas con alto contido en sodio, azucres, edulcorantes, graxas e ácidos graxos saturados dirixida especificamente ao público infantil, de acordo cos criterios nutricionais da OMS, como parte dunha aposta decidida pola prevención en saúde.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Risco de pobreza ou exclusión infantil (< 16 anos)	33,9 % INE, ECV · 2025	**< 25 %**	2030
Permisos por nacemento e coidado	19 semanas por proxenitor · 32 monoparentais Normativa vixente · 2026	**24 semanas · 40 monoparentais · 100 % retribuídas**	2028
Nenos e nenas de 0 a 6 anos en centros residenciais	*Medida nova*	**Ningún: acollemento familiar para todos**	2028

FONTES CONSULTADAS [7] Plataforma de Infancia

05

EIXE 05 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Xuventude

Interésache se che importa: Mocidade | Economía e emprego

> *Unha xeración enteira está a aprazar a súa vida. Emancípase tarde, encadea prácticas e contratos temporais e paga por un cuarto o que hai poucos anos custaba un piso. Queremos que ter menos de 35 anos deixe de ser sinónimo de precariedade, e que a mocidade teña voz nas leis que van marcar o seu futuro.*

1. Unha casa para comezar a vida. Reservar para menores de 35 anos unha parte do novo parque público de aluguer, dentro do sistema de acceso en función da renda e cun aluguer axustado aos seus ingresos nos termos da medida 1 de Vivenda, dándolle prioridade a rehabilitar vivendas baleiras fronte a construír de novo. Regular o aluguer de cuartos, hoxe a única saída para milleiros de mozas e mozos e practicamente sen control, con contrato por escrito, dereitos claros e prezos suxeitos aos índices de referencia.

2. Traballo con dereitos desde o primeiro día. Que as prácticas sexan sempre remuneradas, teñan unha titoría real e non substitúan postos de traballo. Conceder as axudas á contratación xuvenil só cando o contrato sexa estable e acabar co encadeamento de bolsas e contratos temporais.

3. Que ninguén deixe de estudar por diñeiro. Crear unha bolsa única e sinxela para todo o Estado, cos mesmos criterios en todas as comunidades autónomas e unha oferta equilibrada entre territorios de bolsas para estudar ou facer prácticas fóra. Engadir un complemento para quen estuda e traballa á vez sen recibir ningunha outra axuda.

Adaptar os requisitos a unha realidade moi estendida: quen vive de aluguer nun cuarto non sempre pode empadroarse, e iso non debe custarlle a bolsa.

4. Atención psicolóxica cando fai falla, non meses despois. Garantir ás persoas mozas, tamén despois dos 18 anos, atención psicolóxica na sanidade pública cun tempo máximo de espera para a primeira consulta, para que ninguén teña que recorrer á privada. Levar profesionais da psicoloxía á atención primaria, ás universidades e aos centros de Formación Profesional, como continuidade do previsto para a infancia e a adolescencia no apartado de Saúde Mental.

5. Leis que miren por quen as vai vivir. Que cada lei importante inclúa un informe do seu impacto na mocidade e que os consellos da xuventude teñan que ser consultados antes de aprobar normas que os afecten.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Taxa de emancipación (16-29 anos)	**14,5 %** CJE · 2025	**20 %**	**2030**
Paro xuvenil (< 25 anos)	**25,4 %** INE, EPA · 3T 2026	**< 15 %**	**2030**
Atención psicolóxica xove	*Medida nova*	**Primeira consulta en ≤ 15 días**	**2028**

06

EIXE 06 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Pensións

Interésache se che importa: Maiores | Economía e emprego

As pensións non son un gasto: son o recoñecemento de toda unha vida de traballo, de coidados e de achega á sociedade. A Constitución xa obriga os poderes públicos a garantir pensións axeitadas e periodicamente actualizadas (art. 50) e un réxime público de Seguridade Social con prestacións suficientes (art. 41). En cumprimento do art. 31, propoñemos dar un paso máis:

01 Reformar a Constitución para **recoñecer as pensións públicas como dereito fundamental**, prohibir a súa privatización e garantir que nunca perdan poder adquisitivo. M+J forma parte, desde a súa creación, da Mesa Estatal pola Blindaxe das Pensións (MERP).

02 **Avanzar cara a un sistema de pensións público que lle garanta a toda a poboación o suficiente para gozar dunha vida digna.** Elevar de forma progresiva as pensións mínimas e non contributivas ata unha contía que permita vivir con dignidade, tomando como referencia o custo real dunha vida digna e non só a traxectoria laboral. Isto beneficia sobre todo a quen tivo carreiras curtas, precarias ou interrompidas: moitas mulleres que dedicaron anos a coidar, persoas que traballaron sen contrato ou no campo, e quen enfermou antes de tempo.

03 Afondar no camiño aberto pola reforma de 2023 coa cota de solidariedade e a suba da base máxima de cotización, eliminando progresivamente o teito máximo

de cotización, para que quen máis gaña contribúa en proporción aos seus ingresos, mantendo un límite na pensión máxima.

04 **Crear unha contribución á Seguridade Social para as empresas que xeran moito valor con pouco emprego grazas á automatización e á tecnoloxía**. Así, unha parte desa riqueza volverá á protección de todas as persoas, en lugar de que a sustentabilidade do sistema dependa só dos salarios.

05 **Garantir por lei unha achega estable dos Orzamentos Xerais do Estado para financiar o chan de suficiencia.**

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Base máxima de cotización	5.101,20 €/mes Orde PJC/297/2026	**Destope progresivo, completo**	2030
Pensión non contributiva	628,80 €/mes (14 pagas) RD 241/2026	**Converxer co limiar de risco de pobreza**	2030

07

EIXE 07 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Fiscalidade xusta e sustentabilidade das finanzas públicas

Interésache se che importa: Economía e emprego

> *Os impostos son o prezo de vivir nunha sociedade que coida de todas as persoas. Hoxe non paga máis quen máis ten: as rendas do capital tributan menos ca as do traballo e as grandes fortunas atopan mil vías para eludir. Propoñemos un sistema progresivo de verdade, que persiga a fraude e os paraísos fiscais e garanta que quen máis ten contribúa en proporción.*

01 **Impulsar unha reforma fiscal e do sistema de cotizacións á Seguridade Social**, equiparando a tributación das rendas do capital e do traballo e aplicando os mesmos criterios de progresividade, independentemente da orixe dos ingresos, para garantir unha contribución máis xusta e equitativa.

02 **Reforzar a loita contra a fraude fiscal** incrementando polo menos nun 40% os recursos humanos e materiais da Axencia Tributaria destinados á inspección, investigación e control da fraude, con especial atención ás grandes fortunas e empresas.

03 **Combater os paraísos fiscais e a competencia fiscal entre países**, garantindo que os rendementos do capital xerados no estranxeiro tributen ao mesmo nivel ca os

xerados en España. Para iso, establecer que, cando se repatríen beneficios a España, se aboe a diferenza entre o Imposto sobre Sociedades satisfeito no estranxeiro e o aplicable en España.

04 **Reforzar a progresividade do Imposto sobre o Patrimonio e a tributación efectiva das grandes fortunas**, mediante a revisión do límite conxunto do IRPF e do Imposto sobre o Patrimonio e das exencións aplicables á tenza de accións e participacións empresariais, incluída a denominada «exención da empresa familiar», para evitar mecanismos de elusión fiscal. Manter o Imposto de Solidariedade sobre as Grandes Fortunas como garantía de equidade territorial fronte á competencia fiscal entre comunidades autónomas.

05 **Establecer unha tributación efectiva mínima do 3 % sobre o patrimonio neto superior a 50 millóns de euros**, mediante un gravame complementario no Imposto de Solidariedade sobre as Grandes Fortunas, inspirado na proposta de Gabriel Zucman. Este gravame calcularase sobre a totalidade do patrimonio, sen exencións nin bonificacións, e aplicarase unicamente cando a tributación efectiva conxunta do IRPF e do Imposto sobre o Patrimonio, en relación co patrimonio neto do contribuínte, sexa inferior ao 3 %, ata alcanzar esa porcentaxe.

06 **Incrementar a contribución fiscal das grandes empresas**, xeneralizando a tributación dos beneficios extraordinarios, tanto os derivados de circunstancias alleas á súa actividade como os obtidos por posicións dominantes en mercados con escasa competencia. Revisar os incentivos e as deducións fiscais, limitando ao 90 % a exención por dobre imposición, e reforzar o control sobre as SICAV e as ETVE para evitar o seu uso como instrumentos de investimento especulativo.

07 **Manter e ampliar o Imposto sobre Determinados Servizos Dixitais** (Taxa Google), estendendo a súa aplicación a un maior número de servizos dixitais en España, mentres non se implante de xeito efectivo o Piar Un da OCDE sobre o reparto da tributación das grandes multinacionais.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Presión fiscal	37,1 % do PIB Eurostat · 2024	**Converxer coa media da zona euro, con máis progresividade**	**2030**
Recursos de inspección da Axencia Tributaria	*Medida nova*	**+40 %**	**2028**
Grandes patrimonios (> 50 M€ netos)	*Medida nova*	**Tributación efectiva mínima do 3 %**	**2027**
Exención por dobre imposición	*Medida nova*	**Limitada ao 90 %**	**2027**

FONTES CONSULTADAS [6] Oxfam Intermón

08

EIXE 08 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Traballo digno

Interésache se che importa: Economía e emprego | Inclusión social

Ter emprego debería bastar para vivir con dignidade, e hoxe non sempre abonda. A automatización e a tecnoloxía xeran unha riqueza enorme, e a cuestión é quen se queda con ela. Propoñemos repartir mellor o traballo e os seus froitos: menos horas, salarios suficientes, máis tempo para coidar e convivir, e avanzar cara a unha renda básica de xustiza social.

01 **Avanzar cara a unha renda básica de xustiza social**, ampliando progresivamente a cobertura, as contías e a accesibilidade do Ingreso Mínimo Vital e das prestacións complementarias, garantindo ingresos suficientes para unha vida digna e a súa compatibilidade efectiva co emprego.

02 **Reducir progresivamente a xornada laboral ata as 35 horas semanais**, sen redución salarial, adaptando a súa implantación ás características dos sectores produtivos e ofrecendo apoios ás pequenas empresas e entidades que o necesiten. Favorecer así unha distribución máis xusta do tempo, do emprego e dos beneficios do progreso tecnolóxico, facilitando a conciliación, os coidados e o benestar das persoas traballadoras.

03 **Garantir oportunidades reais de emprego ás persoas con maiores dificultades de inserción laboral**, reforzando os recursos humanos e económicos dos servizos públicos de emprego e asegurando unha atención presencial, personalizada e continuada. Desenvolver itinerarios de formación e inserción sociolaboral,

especialmente para persoas desempregadas de longa duración, mozas e mozos en situación vulnerable, maiores de 45 anos e persoas en risco de exclusión, en colaboración con entidades do terceiro sector e con especial atención ás zonas despoboadas.

04 **Combater a explotación laboral e a economía mergullada**, reforzando a Inspección de Traballo, aumentando as actuacións en sectores de especial risco e establecendo sancións efectivas, proporcionadas á gravidade dos abusos e ao beneficio económico obtido. Garantir a protección das persoas traballadoras que denuncien irregularidades, independentemente da súa situación administrativa, e facilitar a recuperación dos salarios e dos dereitos laborais vulnerados.

05 **Garantir vías accesibles e estables de regularización das persoas migrantes que viven e traballan en España**, simplificando os procedementos administrativos, reducindo as demoras e facilitando a súa incorporación ao emprego legal e á Seguridade Social. Reforzar especialmente a protección de quen sofre explotación laboral, permitindo o acceso a autorizacións de residencia e traballo sen que a denuncia de abusos supoña un risco de expulsión, con garantías contra posibles represalias.

06 **Garantir salarios dignos e unha estrutura salarial xusta**, promovendo na negociación colectiva cláusulas de revisión que trasladen os incrementos do Salario Mínimo Interprofesional ás distintas categorías profesionais, evitando a perda de diferenzas retributivas xustificadas pola responsabilidade, a cualificación e as condicións de traballo. Reforzar a transparencia salarial e as medidas contra a pobreza laboral.

07 **Recoñecer o traballo de coidados como unha contribución esencial á sociedade**, ampliando os períodos computables como cotizados para a xubilación por crianza de menores e atención a familiares dependentes, mesmo cando os coidados provocasen interrupcións da actividade laboral non cubertas polos mecanismos actuais. Establecer garantías para que estas responsabilidades, asumidas maioritariamente por mulleres, non se traduzan en pensións máis baixas nin en situacións de pobreza durante a vellez.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Xornada laboral máxima	40 h semanais Estatuto dos Traballadores	**35 h sen redución salarial**	2030
Taxa de temporalidade (asalariados)	14,8 % INE, EPA · 1T 2026	**< 10 %**	2030
Salario Mínimo Interprofesional	1.221 €/mes × 14 RD SMI 2026	**Manter ≥ 60 % do salario medio**	2026–2030

FONTES CONSULTADAS [6] Oxfam Intermón

09

EIXE 09 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Autónomos

Interésache se che importa: Economía e emprego | Mundo rural

Detrás de cada persoa autónoma hai alguén que se xoga o seu sustento cada mes: o bar do barrio, a fontaneira, o transportista, a profesional que factura soa. Moitas pagan máis, en proporción, ca as grandes empresas, e cobran tarde. Queremos que coticen polo que gañan, que cobren a tempo e que teñan os mesmos dereitos cando enferman ou perden a súa actividade.

01 **Cotizar polo que se gaña, tamén cando se gaña pouco.** Pechar a transición ao sistema de ingresos reais con tramos baixos máis baratos: quen teña rendementos por debaixo do salario mínimo non debería pagar unha cota que lle coma o sustento. Aplicar ás persoas autónomas a integración de baleiros de cotización que xa ten o Réxime Xeral, para que unha mala racha ou un período coidando dun familiar non se paguen toda a vida na pensión. E, en pluriactividade, devolver o exceso de cotización empezando por quen menos ingresa, non só por quen supera o limiar.

02 **Que a persoa autónoma nunca pague, en proporción, máis ca unha gran empresa.** Hoxe ocorre ao revés: moitas grandes compañías rebaixan o seu tipo efectivo grazas a deducións. Revisaremos esas deducións para que as grandes empresas tributen conforme á súa capacidade real e para pechar a fenda, de xeito que a carga fiscal da persoa autónoma deixe de ser superior á da gran empresa.

03 **Cobrar a tempo.** Que se cumpra o prazo legal de 30 días para que as administracións lles paguen a autónomos e pemes. Se se atrasan, os xuros de mora pagaranse de forma automática, sen reclamalos. As administracións e as grandes empresas que paguen tarde de forma reiterada aparecerán nun rexistro público e terán sancións. E a Administración someterase aos mesmos prazos e esixencias que lles impón ás persoas autónomas.

04 **Traballo autónomo con dereitos.** Perseguir os falsos autónomos con máis inspección nas plataformas dixitais e nos sectores onde máis abundan. Aproveitar a transposición da directiva europea de traballo en plataformas, que vence en decembro de 2026, para presumir a relación laboral cando o sexa. Para quen é autónomo de verdade, facer máis doado acceder á prestación por cesamento de actividade e cobrar a baixa por enfermidade desde o primeiro día.

05 **Emprender onde máis falta fai**. Crear liñas de avais e microcréditos para investimento e circulante, con condicións preferentes nos concellos rurais. Ampliar a tarifa plana para quen se estableza en vilas e aldeas en risco de despoboamento. Apoiar o relevo dos comercios e oficios que pechan por xubilación, con asesoramento e axudas a quen os continúe, tamén a través de cooperativas.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Pagamento a autónomos e pemes polas administracións	**27,05 días CCAA · 30,15 días EE. LL.** Facenda · ago. 2026	**Ningunha administración por riba de 30 días**	**2027**
Traballo en plataformas	*Medida nova*	**Presunción de laboralidade ao transpor a directiva**	**Dec. 2026**

10

EIXE 10 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Industria

Interésache se che importa: **Economía e emprego**

Unha economía ao servizo do ben común necesita empresas que creen emprego de calidade, coiden a contorna e respecten os dereitos humanos en toda a súa cadea de produción, aquí e fóra das nosas fronteiras. Queremos apoiar a pequena empresa, as cooperativas e a economía social. E queremos medir o éxito económico pola capacidade de garantir unha vida digna a toda a poboación, non só polo crecemento.

01 **Adaptar as normativas de calidade, produción e outros requisitos regulatorios ao tamaño e ás características das empresas,** aplicando criterios de proporcionalidade que eviten cargas administrativas e económicas excesivas para as pequenas empresas, sen comprometer os estándares de calidade, seguridade e sustentabilidade.

02 **Garantir unha transposición ambiciosa e a aplicación efectiva da Directiva Europea de Dilixencia Debida Empresarial,** esixindo ás empresas, incluídas as do sector financeiro, que identifiquen, preveñan, mitiguen e respondan polos impactos negativos da súa actividade sobre os dereitos humanos e o medio ambiente en toda a súa cadea de valor, dentro e fóra de Europa.

03 **Promover un comercio internacional xusto.** Revisar os acordos comerciais e financeiros que favorecen a explotación dos recursos e das persoas en países empobrecidos. Garantir prezos xustos, traballo digno e que a riqueza xerada

contribúa ao desenvolvemento das comunidades de orixe. Abordar prioritariamente os acordos comerciais con África que teñen como obxectivo principal a explotación de recursos naturais (minerais estratéxicos, gas, fosfatos e caladoiros pesqueiros) e o fin das barreiras arancelarias discriminatorias.

04 **Reforzar a responsabilidade e a rendición de contas das empresas**, garantindo a eficacia das autoridades de control, o acceso efectivo á xustiza e a reparación das vítimas, e incorporando a perspectiva de xénero e a participación dos axentes sociais e das partes interesadas.

05 **Promover a Economía Circular** como modelo produtivo e de consumo que alonga o ciclo de vida, afastándonos do «usar e tirar». Avogamos por unha normativa harmonizada a nivel europeo que teña en conta factores ambientais na trazabilidade completa dos produtos, desde o seu deseño ata o seu último uso, así como no seu tratamento como residuos tanto no interior como de forma transfronteiriza. Impulsaremos un control e unha inspección estritos para que os traslados de residuos ou de produtos de segunda man a terceiros países garantan un tratamento respectuoso co medio ambiente.

06 **Impulsar unha economía que sitúe as persoas e o planeta no centro, máis alá do beneficio económico**. Para iso impulsaremos a aplicación efectiva da Lei 1/2026, integral de impulso da economía social, favorecendo a participación destas entidades na contratación pública, e fomentaremos unha cultura empresarial innovadora, ética e aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

07 **Definir e incorporar indicadores económicos que permitan orientar as políticas públicas cara a unha economía da suficiencia**, que garanta unhas condicións de vida dignas para toda a poboación. Para iso, incorporar un índice de prezos do suficiente, tomando como referencia unha cesta de bens e servizos necesarios para unha vida digna. Pódese utilizar como referencia o Orzamento de Referencia para unhas Condicións de Vida Dignas (PRCVD), elaborado pola Fundación FOESSA e Cáritas.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Directiva europea de dilixencia debida	Pendente de transposición UE	**Transposta e aplicada, con autoridade de control**	2027
Economía social (Lei 1/2026)	Lei aprobada BOE · 2026	**Desenvolvemento regulamentario e reserva na contratación pública**	2027

11

EIXE 11 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Sanidade pública, universal e de calidade

Interésache se che importa: Servizos públicos

A sanidade pública é unha das mellores cousas que construímos entre todas as persoas, e unha das máis fráxiles. Listas de espera, centros de saúde sen médicos e profesionais esgotados son síntomas de anos de falta de investimento. Queremos unha sanidade que atenda a todo o mundo por igual, viva onde viva e teña os papeis que teña, empezando por reforzar a atención primaria.

01 **Fortalecer o sistema sanitario público para garantir unha atención universal, equitativa e de calidade.** Incrementar o investimento sanitario e reforzar a coordinación entre as comunidades autónomas a través do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Consolidar e avanzar na universalidade da atención sanitaria recoñecida no Real decreto lei 7/2018, do 27 de xullo, e desenvolvida mediante o Real decreto 180/2026, do 11 de marzo, garantindo a súa aplicación efectiva e homoxénea en todo o territorio e eliminando as barreiras administrativas que dificultan o acceso á atención sanitaria, especialmente para as persoas en situación administrativa irregular. Establecer garantías comúns de acceso ás prestacións sanitarias esenciais en todo o territorio, reforzando

especialmente os centros sanitarios rurais e as zonas con dificultades para cubrir prazas profesionais.

02 **Reforzar a Atención Primaria como piar fundamental do sistema sanitario público.** Impulsar, en coordinación coas comunidades autónomas e respectando as súas competencias sanitarias, o incremento progresivo do seu financiamento ata alcanzar polo menos o 25% do gasto sanitario público. Ampliar os cadros de persoal de medicina de familia, pediatría, enfermaría, fisioterapia, psicoloxía clínica e traballo social, garantindo unha atención próxima, accesible e de calidade e reducindo os tempos de espera. Frear a privatización e recuperar progresivamente os servizos externalizados, priorizando a xestión pública directa. Favorecer a incorporación e a permanencia de profesionais, especialmente mozos, mediante emprego estable, mellores condicións laborais e incentivos profesionais, formativos e de investigación.

03 **Promover un Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde que naza do diálogo e do acordo con todos os colectivos profesionais e coas comunidades autónomas,** recoñecendo as particularidades de cada profesión sanitaria. O seu obxectivo debe ser garantir condicións laborais dignas, xornadas e gardas compatibles coa saúde e coa vida persoal, estabilidade no emprego, desenvolvemento profesional e conciliación. Así o sistema sanitario público poderá atraer e reter as e os profesionais que necesita.

04 **Reforzar a prevención das adiccións e garantir unha atención integral e personalizada.** Fortalecer o Plan Nacional sobre Drogas, incrementando os recursos destinados á prevención, á educación no ámbito escolar e ao acceso a tratamentos. Promover modelos de tratamento das adiccións personalizados, preferentemente ambulatorios, garantindo os recursos e os profesionais necesarios para a súa axeitada implantación.

05 **Dignificar e fortalecer os coidados de longa duración,** recoñecendo o labor dos profesionais e promovendo modelos de atención centrados na persoa. Mellorar as condicións laborais, o recoñecemento profesional e a formación continua e especializada de quen traballa en centros residenciais e servizos de atención a persoas maiores, dependentes ou en situación de fraxilidade. Impulsar redes de coidados comunitarios, favorecendo a coordinación entre profesionais, servizos sociais e sanitarios, familias e comunidade, para promover a autonomía persoal,

previr o illamento e facilitar a permanencia das persoas na súa contorna habitual sempre que sexa posible e desexado.

06 **Garantir o acceso universal e equitativo a coidados paliativos integrais e de calidade en todo o territorio.** Aprobar unha lei estatal que harmonice os dereitos e as garantías de coidados paliativos en todo o Estado e garanta a equidade territorial no acceso a esta atención. (PTS 2026) Protexer as persoas en situación de enfermidade avanzada e/ou final de vida, dotando o sistema social e sanitario de equipos interdisciplinares en relación fluída con todos os niveis asistenciais do sistema, incluída a atención domiciliaria. Propor a creación de comunidades compasivas como modelo colaborativo para acompañar as e os pacientes paliativos e as súas familias.

07 **Avanzar na estabilidade institucional do sistema estatal de saúde pública para o cumprimento do Acordo sobre Pandemias da OMS** (pendente de ratificación) mediante a **consolidación da Axencia Estatal de Saúde Pública**, para garantir a coordinación epidemiolóxica e de emerxencias e o compromiso dunha partida orzamentaria fixa e finalista destinada á prevención, á reserva estratéxica de material médico (redes de fábricas de vacinas) e á investigación.

08 **Impulsar unha Estratexia Nacional de Fomento do Deporte contra o Sedentarismo,** garantindo financiamento público estable e programas de actividade física accesibles para toda a poboación, especialmente para as persoas maiores, con discapacidade, con enfermidades crónicas ou en situación de vulnerabilidade. Reforzaremos a coordinación entre administracións e Atención Primaria, con mecanismos públicos de seguimento e avaliación que garantan a igualdade de acceso en todo o territorio.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Peso da Atención Primaria no gasto sanitario público	**13,9 %** Ministerio de Sanidade	**20 % en 2028 · 25 % en 2030**	**2030**
Espera media para cirurxía	**121 días · 853.740 pacientes** SNS · dec. 2025	**≤ 60 días**	**2030**

FONTES CONSULTADAS [8] Plataforma del Tercer Sector

12

EIXE 12 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Saúde mental

Interésache se che importa: Servizos públicos | Mocidade

Case todas as familias coñecen de preto o sufrimento psíquico, e demasiadas víveno en silencio ou agardando meses por unha cita. Falar de saúde mental xa non é un tabú, pero os recursos non medraron ao ritmo da necesidade. Propoñemos máis profesionais na sanidade pública e nas escolas, prevención do suicidio e unha atención que escoite a persoa antes de medicala.

1. **Reforzar a prevención do suicidio e promover unha atención integral e humanizada ás persoas con problemas de saúde mental.** Fortalecer os programas de prevención do suicidio e a coordinación entre os servizos sanitarios, educativos e sociais para garantir unha abordaxe integral que axude as familias, que se senten desbordadas e desprotexidas ante estes problemas. Fortalecer a atención pública á saúde mental, garantindo a implantación efectiva da Estratexia de Saúde Mental do Sistema Nacional de Saúde 2022-2026 e do Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027, así como a súa avaliación, actualización e continuidade, cos recursos humanos e económicos necesarios. Avanzar cara a unha dotación de profesionais de saúde mental por habitante equiparable á media europea (50 por cada 100.000 habitantes fronte aos 30 de España).
2. **Reforzar a promoción da saúde mental e do benestar emocional de nenas, nenos e adolescentes**, integrando profesionais da psicoloxía nos centros educativos e garantindo a súa coordinación coa atención

primaria e cos servizos de saúde mental. Priorizar a prevención, a detección precoz e as intervencións psicolóxicas e psicosociais, abordando factores como o acoso escolar, a pobreza, a violencia e o acceso e uso inadecuado de pantallas e redes sociais.

3. **Ampliar e garantir o acceso equitativo a unha rede pública de hospitais de día e recursos comunitarios especializados en saúde mental infantoxuvenil**, con equipos multidisciplinares, prazas suficientes e tempos máximos de acceso. Asegurar unha atención terapéutica, educativa e psicosocial adaptada ás necesidades de nenos, nenas, adolescentes e mozos, incluíndo programas de transición aos servizos de adultos e acompañamento psicolóxico, formación e apoio ás súas familias para reducir a sobrecarga de coidados.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Psicólogos clínicos no SNS	≈ 6 por 100.000 hab. (UE: 18) SNS	**12 por 100.000 hab.**	2030
Suicidios	3.953 (8,1 por 100.000) INE · 2024	**-20 %**	2030
Estratexia de Saúde Mental do SNS e Plan de Acción	En vigor SNS	**Implementación efectiva e avaliada**	2026–2027

13

EIXE 13 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Coidar ao principio e ao final da vida

Interésache se che importa: Servizos públicos | Familias e infancia | Maiores

> *Os momentos máis fráxiles da vida piden compañía, non soidade. Queremos que ningunha muller afronte un embarazo difícil sen apoio nin información, e que ninguén chegue ao final da súa vida sen coidados paliativos nin acompañamento. Sobre estas cuestións conviven no noso partido sensibilidades distintas, e únenos o esencial: previr, acompañar e coidar con respecto a cada persoa na súa decisión.*

01 **Reforzar a prevención dos embarazos non desexados**, mediante políticas públicas de educación afectivo-sexual integral, adaptadas ás distintas etapas educativas, que fomenten as relacións saudables, a corresponsabilidade, o respecto mutuo e a prevención da violencia sexual e de xénero, garantindo o acceso universal a información rigorosa e a métodos anticonceptivos.

02 **Garantir unha atención e un acompañamento integral, gratuíto e personalizado ás mulleres que afrontan un embarazo en situacións de vulnerabilidade** ou de incerteza sobre a súa continuidade, mediante servizos públicos accesibles que proporcionen información completa, obxectiva e comprensible, asesoramento xurídico, atención sanitaria e orientación sobre os dereitos, as prestacións económicas, os recursos sociais e os programas públicos de apoio á maternidade

e á crianza. Cando a decisión estea condicionada pola falta de medios —económicos, de vivenda ou de rede de apoio—, reforzar esas axudas e ofrecer alternativas como o acollemento familiar temporal, de xeito que ningunha muller teña que renunciar por necesidade a un embarazo que desexaría continuar. Todo isto desde o respecto á súa autonomía, sen xuízos de valor, presións nin discriminación.

03 **Recoñecer e garantir por lei o dereito a recibir atención psicolóxica especializada, gratuíta e voluntaria**, tanto antes da decisión como despois dunha interrupción voluntaria do embarazo, se é o caso, asegurando a súa dispoñibilidade efectiva no sistema público de saúde, con independencia da situación socioeconómica ou do lugar de residencia. Este acompañamento deberá prestarse con absoluta confidencialidade e respecto á liberdade de decisión.

04 **Que ninguén pida morrer por falta de coidados.** Garantir que as persoas que manifesten un sufrimento intenso ou soliciten a eutanasia poidan acceder voluntariamente e con carácter urxente a unha valoración integral de coidados paliativos, saúde mental e apoios á dependencia, sen atrasar nin condicionar os seus dereitos. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación pública anual que permitan coñecer o acceso real a estes coidados e detectar necesidades non cubertas.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Acceso a coidados paliativos especializados	≈ 40 % de quen os precisa SECPAL · 2024	**Acceso universal (100 %)**	**2030**
Atención psicolóxica antes e despois dunha IVE	*Medida nova*	**Dereito recoñecido por lei, gratuíto**	**2027**

FONTES CONSULTADAS [8] Plataforma del Tercer Sector

14

EIXE 14 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Educación equitativa, inclusiva e de calidade

Interésache se che importa: Servizos públicos | Familias e infancia | Mocidade

> *Defendemos unha educación pública forte e de calidade, inclusiva, gratuíta e equitativa, que garanta oportunidades reais para todas as persoas, combata as desigualdades e forme unha cidadanía crítica, solidaria e comprometida cun mundo máis xusto.*

01 **Garantir un financiamento educativo suficiente, estable e equitativo.** Impulsar, en coordinación coas comunidades autónomas e respectando as súas competencias, un incremento progresivo do investimento público en educación ata alcanzar polo menos o **6 % do PIB**, mediante compromisos orzamentarios plurianuais. Fortalecer especialmente os centros públicos, garantindo unha educación gratuíta, inclusiva e de calidade, e asegurar que todos os centros sostidos con fondos públicos cumpran os principios de gratuidade, equidade, transparencia e non discriminación. Apoiar a coexistencia da educación pública e privada, concertada e non concertada, recoñecendo especialmente a achega social da concertada en contextos de maior precariedade.

02 **Mellorar a calidade educativa e reforzar a profesión docente.** Reforzar os coñecementos fundamentais, o pensamento crítico, as competencias dixitais e as habilidades sociais mediante metodoloxías baseadas na evidencia, avaliacións formativas e apoios temperáns. Mellorar a formación inicial e permanente do profesorado, modernizar os procesos de oposición, simplificar as esixencias

administrativas da normativa estatal e garantir estabilidade e autonomía pedagóxica. Establecer por lei unha xornada lectiva máxima de 23 horas semanais en Infantil, Primaria e Educación Especial, e de 18 horas no resto de ensinanzas, asegurando tempo suficiente para preparar clases, titorías e coordinación docente.

03 **Reducir as ratios e reforzar a atención individualizada ao alumnado.** Aprobar unha lei básica que reduza progresivamente as ratios máximas a 20 estudantes por aula en Infantil e Primaria e a 25 en ESO e Bacharelato, con límites específicos en Formación Profesional. O alumnado con necesidades educativas especiais computará como dúas prazas e estableceranse reducións adicionais en centros de especial complexidade. Garantir un profesional de orientación educativa por cada 250 estudantes, ampliando as dotacións onde as necesidades o requiran. Estas medidas contarán con financiamento estatal suficiente, un calendario de aplicación acordado coas comunidades autónomas e obxectivos anuais verificables, con seguimento na Conferencia Sectorial de Educación.

04 **Garantir unha educación inclusiva e equitativa, facendo efectivos os dereitos recoñecidos na LOMLOE**. Impulsar un Plan Estatal de Inclusión Educativa con financiamento propio para dotar os centros de profesionais de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e outros perfís de apoio segundo as súas necesidades. Previr o abandono escolar e reducir a segregación mediante unha escolarización equilibrada e respectuosa cos dereitos das familias. Avanzar cara á gratuidade universal da Educación Infantil de 0 a 3 anos, reforzar as bolsas e as axudas de comedor, transporte e material escolar, e simplificar a súa tramitación para eliminar barreiras económicas e administrativas.

05 **Fortalecer a Formación Profesional pública.** Ampliar as prazas, os equipamentos, os obradoiros e o profesorado especializado, garantindo prácticas formativas de calidade e unha oferta adaptada ás necesidades sociais, territoriais e laborais.

06 **Promover a convivencia, o benestar e a participación educativa.** Previr o acoso escolar, promover o benestar emocional e a resolución pacífica de conflitos, e garantir a participación efectiva de docentes, familias e alumnado na vida e nas decisións dos centros educativos.

07 **Impulsar a educación para a cidadanía e a xustiza global.** Aprobar unha **Estratexia Estatal de Educación para a Cidadanía e a Xustiza Global** que promova os dereitos humanos, a igualdade, a democracia, a paz e a sustentabilidade,

abordando as desigualdades e as súas causas estruturais. Incorporar estes contidos ao currículo educativo, incluídas a coeducación e a educación afectivo-sexual adaptada a cada etapa, e impulsar proxectos de **aprendizaxe-servizo** que conecten a escola coa comunidade e fomenten a solidariedade e o ben común.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Investimento público en educación	4,48 % do PIB Ministerio de Educación · 2024	**6 % do PIB**	**2030**
Abandono temperán da educación	12,8 % INE, EPA · 2025	**< 9 %**	**2030**
Escolarización 0-3 anos	73,3 % aos 2 anos OCDE · 2024	**Gratuidade universal**	**2030**
Xornada lectiva máxima	*Medida nova*	**23 h (Infantil, Primaria, Ed. Especial) · 18 h (resto)**	**2027**

15

EIXE 15 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Ciencia e investigación

Interésache se che importa: **Coñecemento e cultura**

> *As vacinas, as enerxías limpas e os novos tratamentos nacen en laboratorios que necesitan financiamento estable e talento que non teña que emigrar. España segue investindo en ciencia por debaixo dos países da súa contorna. Propoñemos un pacto de Estado que converta a investigación en motor dunha economía sostible e ao servizo das persoas.*

01 Apostamos por **un gran pacto de Estado pola ciencia e a innovación** que reforce os programas de atracción de talento, se oriente á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e dote a Axencia Estatal de Investigación das competencias necesarias para establecer estratexias e proxectos a longo prazo. Apoiamos axendas que, consensuadas cos distintos actores, poidan axudar a responder aos desafíos económicos a medio e longo prazo, así como a coidar da provisión de bens e servizos estratéxicos nos que estean implicados os dereitos sociais.

02 **Incrementar o investimento en ciencia e innovación ata chegar ao 3% do PIB**, para equiparalo ao doutros países europeos. A ciencia ten que ser o motor da economía e unha aposta imprescindible para construír un planeta sostible.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Investimento en I+D	1,50 % do PIB (UE: 2,24 %) INE · 2024	**3 % do PIB**	2030

16

EIXE 16 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Política migratoria

Interésache se che importa: Dereitos e democracia | Inclusión social

> *Vivimos nun mundo globalizado e interdependente, onde os bens, os recursos e os capitais atravesan fronteiras constantemente. A mobilidade humana forma parte desta realidade e debe recoñecerse como un fenómeno estrutural das nosas sociedades, non como un problema que haxa que resolver. Unha globalización aberta ao intercambio económico debe selo tamén ao recoñecemento dos dereitos e á plena inclusión das persoas migrantes. Ao mesmo tempo, as desigualdades económicas, as guerras, as persecucións e a crise climática obrigan millóns de persoas a abandonar os seus fogares. Por iso, defendemos* ***o dereito a non ter que migrar por necesidade, a migrar de forma segura e a vivir con dignidade e igualdade de dereitos.***

Para M+J, o fenómeno migratorio debe xestionarse como unha oportunidade e non como un problema. A súa abordaxe desde a xustiza global, a fraternidade e a construción dunha sociedade inclusiva representa ***un eixe transversal do noso programa electoral****, cuxas propostas se complementan coas de cooperación internacional, educación, vivenda, emprego, sanidade, servizos sociais, comercio exterior e igualdade de dereitos.*

01 **Garantir o salvamento de vidas humanas.** Reforzar Salvamento Marítimo, impulsar un sistema europeo de busca e rescate e garantir a actividade humanitaria das ONG, evitando a súa criminalización.

02 **Facilitar vías legais e seguras de migración e permisos de traballo en orixe.** Ampliar e axilizar a obtención de autorizacións de residencia e traballo desde os países de orixe, reforzando os consulados e garantindo unha contratación laboral transparente, condicións dignas e igualdade de dereitos. Promover permisos estables que eviten a dependencia abusiva dun único empregador. Impulsar tamén corredores humanitarios, programas de reasentamento e mecanismos accesibles de reagrupamento familiar. Garantir a implantación do Pacto Europeo de Migración e Asilo con enfoque de dereitos humanos e de protección efectiva da infancia, garantindo o seu dereito a ser escoitada e informada de xeito adaptado e que o seu interese superior sexa prioritario.

03 **Poñer fin á externalización de fronteiras** e recuperar a autonomía desta competencia xunto coa UE, promovendo unha política común e digna para as persoas que queren refacer a súa vida de xeito digno.

04 **Eliminar as devolucións en quente sen garantías.** Reformar a lexislación de estranxeiría para eliminar os rexeitamentos fronteirizos inmediatos que impidan a identificación individual, o acceso efectivo ao dereito de asilo e a protección de persoas vulnerables. Garantir asistencia xurídica, respecto ao principio de non devolución e control xudicial efectivo en todas as actuacións fronteirizas. En concreto, propoñemos a retirada definitiva do proxecto de real decreto lei sobre medidas extraordinarias para axilizar as solicitudes e os recursos de protección internacional en Ceuta, nos termos en que restrinxe o acceso efectivo ao asilo, o principio de non devolución e a tutela xudicial. Propoñemos reforzar os medios humanos e administrativos para axilizar os procedementos sen reducir as garantías das persoas solicitantes de protección internacional.

05 **Garantir unha acollida digna e pór fin ao internamento de persoas migrantes por motivos administrativos.** Substituír os Centros de Internamento de Estranxeiros (CIE) por alternativas abertas e comunitarias, con acompañamento social e xurídico, respectando a liberdade e os dereitos fundamentais. Reforzar os recursos públicos de acollida e a atención especializada a persoas en situación de especial vulnerabilidade, especialmente menores non acompañados, mulleres vítimas de violencia, persoas refuxiadas e vítimas de trata. Garantir procedementos de

determinación da idade con presunción de minoría, recoñecemento da documentación válida do país de orixe salvo proba en contrario e pleno dereito de defensa.

06 **Facilitar a regularización e eliminar as barreiras administrativas.** Establecer vías accesibles e permanentes de regularización, previr a irregularidade sobrevida e reforzar as oficinas de estranxeiría para axilizar os trámites, garantir unha atención presencial accesible e acabar coas prácticas abusivas de intermediación e venda de citas administrativas.

07 **Garantir a igualdade de dereitos e a inclusión das persoas migrantes.** Asegurar o acceso efectivo e sen discriminación á sanidade, á educación, ao empadroamento, á vivenda, aos servizos sociais e aos dereitos laborais, conforme ás garantías legais aplicables. Reforzar a colaboración coas organizacións sociais especializadas en migracións, recoñecendo a súa experiencia no acompañamento, na participación comunitaria e na construción de vínculos e de sentimento de pertenza das persoas recentemente chegadas.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Devolucións en quente sen garantías	*Medida nova*	**Eliminadas por lei**	**2027**
Autorizacións de residencia e traballo en orixe	*Medida nova*	**Consulados reforzados e prazos de resolución ≤ 3 meses**	**2028**

FONTES CONSULTADAS [1] Amnistía Internacional [5] Fundación Ciudadanía Global

17

EIXE 17 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Loita contra a emerxencia climática

Interésache se che importa: Planeta

> *Vagas de calor, secas, incendios e inundacións xa forman parte da nosa vida cotiá, e golpean con máis forza a quen menos ten. A crise climática é tamén unha crise de xustiza: provócana sobre todo os países e as persoas máis ricas, e padécena as máis pobres. Por iso o maior esforzo debe recaer en quen máis contamina, e ninguén debe quedar atrás na adaptación.*

01 **Respaldar o compromiso da Unión Europea de reducir polo menos nun 55% as emisións de gases de efecto invernadoiro para o ano 2030 con respecto a 1990, así como de alcanzar a neutralidade de carbono en 2050.** É necesario avanzar en políticas de mitigación ambiciosas, pero tamén crear mecanismos de control que vixíen que se convertan nunha realidade práctica. Aprobar unha folla de ruta sectorial con orzamentos de carbono anuais e un organismo independente de verificación.

02 **Impulsar un Plan Estatal de Adaptación á Emerxencia Climática.** Incrementar o investimento público para reducir a vulnerabilidade fronte a secas, inundacións, incendios e temperaturas extremas. Reforzar a coordinación entre comunidades autónomas e cos mecanismos europeos de protección civil, impulsando recursos compartidos e brigadas forestais despregadas preventivamente nas zonas e

tempadas de maior risco. Priorizar a protección das persoas máis vulnerables, especialmente maiores, infancia, persoas con discapacidade, residentes en vivendas mal acondicionadas e traballadores expostos a condicións climáticas extremas.

03 **Compromiso co Fondo de Perdas e Danos internacional** para compensar os principais efectos adversos causados polo cambio climático. Apoiaremos mecanismos de contribución xustos de acordo coa responsabilidade histórica nas emisións e coa capacidade económica, incluídos os grandes emisores e as empresas de combustibles fósiles.

04 **Cidades verdes en horizontal e en vertical que axuden a mitigar o efecto «illa de calor urbana».** Garantir que todo barrio teña un parque ou zona verde a menos de 15 minutos a pé e que cada concello alcance unha cuberta arbórea urbana do 30%. Promover a instalación de cubertas e fachadas verdes en edificios novos e en rehabilitacións de gran tamaño, con preferencia por sistemas que combinen vexetación e paneis solares (agrivoltaica urbana).

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Emisións de gases de efecto invernadoiro	270,7 Mt CO_2-eq · −4,8 % vs. 1990 MITECO · 2025	**−55 % respecto a 1990**	2030
Neutralidade de carbono	*Medida nova*	**Emisións netas cero**	2050
Verde urbano	*Medida nova*	**Parque a ≤ 15 min a pé en todo barrio · 30 % de cuberta arbórea**	2030

FONTES CONSULTADAS [3] Enlázate por la Justicia

18

EIXE 18 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Coidado do planeta e da biodiversidade

Interésache se che importa: Planeta | Mundo rural

> *Dependemos da terra, da auga e dos seres vivos que nos rodean moito máis do que adoitamos recoñecer. Solos esgotados, especies que desaparecen e ríos contaminados son unha débeda que lles deixamos a quen vén detrás. Apostamos por restaurar a natureza, coidar a auga como ben común e apoiar unha agricultura que permita vivir dignamente da terra sen esgotala.*

1. **Impulsar un Plan Nacional de Agricultura Ecolóxica e Rexenerativa.** Ampliar ata os 6 millóns de hectáreas a superficie agraria ecolóxica en 2030, promovendo a adopción de prácticas rexenerativas que recuperen a fertilidade dos solos, a biodiversidade e a súa capacidade de retención de auga. Incentivar, mediante a PAC e os fondos europeos, a recuperación de lindes, sebes, muros tradicionais e cubertas vexetais, así como as rotacións de cultivos. Garantir asesoramento técnico, explotacións demostrativas, apoio á produción de biofertilizantes, seguros de transición e compra pública de produtos sostibles, favorecendo a rendibilidade das explotacións e o relevo xeracional.

2. **Desenvolvemento da Lei de Restauración da Natureza para recuperar os ecosistemas terrestres e mariños, que inciden no benestar das persoas**. Crear unha **Rede Estatal de Corredores Ecolóxicos** que conecte os espazos da Rede Natura 2000,

incorporando pasos de fauna nas grandes infraestruturas e recuperando as vías pecuarias e as cañadas reais como corredores de biodiversidade, rutas de transhumancia e oportunidades de desenvolvemento rural e ecoturismo. Impulsar un **plan estatal de rexeneración forestal** que transforme progresivamente os piñeirais densos e uniformes en bosques diversos e paisaxes en mosaico, con especies autóctonas e medidas de xestión preventiva do territorio que contribúan tamén a reducir o risco de grandes incendios.

3. Aprobar un **Plan de Recuperación de Especies en Declive**, especialmente insectos polinizadores, anfibios, réptiles e aves esteparias, con financiamento suficiente para o seguimento científico, plans específicos por especie e obxectivos cuantificables de recuperación e supervivencia.

4. **Promover unha ecoetiquetaxe ambiental de produtos e servizos que permita á cidadanía dispor de información de forma rápida para poder realizar un consumo responsable e sostible**. Impulsar a creación dunha taxa que grave cada produto en relación coa súa pegada ambiental, de xeito que os impactos ambientais estean incluídos no prezo dos produtos, protexendo os fogares vulnerables fronte a aumentos en produtos esenciais. Impulsar, ademais, un selo público de agricultura ecorrexenerativa que incorpore, xunto aos requisitos de produción ecolóxica, criterios verificables de rexeneración de solos e de biodiversidade, achegando garantías ás persoas consumidoras e valor engadido ás produtoras.

5. **Promover a auga como ben público e non só como un produto comercial.** A natureza esencial da auga, así como a súa condición de dereito humano, require unha regulación singular e ferramentas axeitadas de transparencia e de competencia comparativa cando sexa provista polo mercado, garantindo uns prezos e unha calidade axeitados. Previr os cortes por incapacidade económica mediante mecanismos de protección social que lles garantan a auga aos fogares vulnerables. Acelerar medidas que garantan unha auga sen plásticos e outros tóxicos. Aprobar un Plan Nacional de Sementeira de Auga e Restauración Hidrolóxica que recupere sistemas tradicionais de infiltración e recarga de acuíferos, como acequias e regos, e incorpore solucións baseadas na natureza para reter auga, rexenerar solos e reducir os efectos de secas e inundacións.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Superficie agraria ecolóxica	2,94 M ha (12,3 % da SAU) MAPA · 2024	**6 M ha**	**2030**

19

EIXE 19 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Políticas de transición enerxética

Interésache se che importa: Planeta | Economía e emprego

> *A enerxía é un dereito social, non un luxo. Deixar atrás o carbón, o petróleo e o gas é urxente, e pode facerse de xeito que abarate a factura dos fogares e xere emprego nos territorios. Queremos enerxías renovables ben planificadas, que respecten a contorna e deixen parte da súa riqueza nas vilas onde se instalan, e máis autoconsumo e comunidades enerxéticas.*

01 **Apoiar a transición ecolóxica** que permita eliminar todas as fontes de enerxía que utilizan combustibles fósiles (carbón, petróleo e gas). Para iso apostamos por un Estado que regule a xeración da enerxía, incentivando melloras e investimentos ecolóxicos, e que apoie a implantación de solucións locais de autoconsumo.

02 **Aposta decidida polas enerxías renovables**, cumprindo coas avaliacións de impacto ambiental a través dunha xestión seria e rigorosa por parte das administracións públicas e garantindo a estabilidade do sistema eléctrico español para asegurar unha produción e unha distribución continuas. Incorporar criterios de rexeneración ecolóxica nas instalacións solares e eólicas, promovendo a recuperación da vexetación autóctona, corredores de biodiversidade, refuxios de fauna e aproveitamentos compatibles co pastoreo. Impulsar mecanismos lexislativos para que parte dos ingresos fiscais xerados por estas instalacións

contribúa a financiar comunidades enerxéticas locais de propiedade cidadá e municipal, favorecendo o autoconsumo e a redución da factura eléctrica.

03 **Descarbonización do sector do transporte.** Aposta polo transporte público limpo e de calidade. Fomento do transporte ferroviario entre os países europeos e redución do transporte aéreo nas rutas con alternativas ferroviarias. Primar o investimento en medios máis eficientes, como bicicletas e metro. Establecer políticas a medio e longo prazo de mobilidade urbana e rural que favorezan o transporte compartido (gratuíto, a demanda e/ou solidario).

04 **Apoiar unha transición ecolóxica xusta no sector primario.** Recoñecer agricultores e gandeiros como axentes fundamentais na loita contra o cambio climático, na conservación da biodiversidade e na xestión dos sumidoiros naturais de carbono. Apoiar a transición cara a unha agricultura e unha gandaría sostibles mediante financiamento, asesoramento técnico e recursos humanos e materiais compartidos. Fomentar a agroecoloxía, a protección do solo e da auga, as cooperativas de pequenos produtores e as canles de comercialización de proximidade que garantan prezos xustos. Facilitar o relevo xeracional no campo mediante axudas e acceso á terra.

05 **Crear un Fondo Xeracional da Enerxía.** Constituír un fondo público de investimento que permita ao Estado participar en proxectos de xeración renovable, almacenamento enerxético e aproveitamentos hidroeléctricos, garantindo que unha parte dos seus beneficios reverta no conxunto da cidadanía. Destinar os seus rendementos a financiar vivenda pública, rehabilitación enerxética e, a longo prazo, o fortalecemento do sistema público de pensións, mediante instrumentos de investimento e financiamento transparentes e sostibles.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Electricidade renovable	**55,5 % da xeración** REE · 2025	**81 %**	**2030**
Fondo Xeracional da Enerxía	*Medida nova*	**Constituído e operativo**	**2027**

20

EIXE 20 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Protección animal

Interésache se che importa: **Planeta**

> *O respecto pola vida non remata na especie humana. Rexeitamos o sufrimento animal innecesario, xa sexa en granxas amoreadas ou en laboratorios de cosmética, e queremos reducir o abandono. Facémolo sen perder de vista os pequenos produtores e a gandaría extensiva, que coidan do campo e dos seus animais. Sobre a caza deportiva e a tauromaquia conviven no noso partido posicións distintas, e por iso este programa non propón cambios na súa regulación.*

01 **Apoiar os pequenos produtores e a gandaría extensiva. Acabar co amoreamento nas granxas.** Prohibir que os animais se crien amoreados para producir máis barato e apoiar os pequenos produtores e a gandaría extensiva.

02 **Nin un animal sufrindo por un batom.** Reforzar a prohibición de experimentar con animais para cosmética e defender desde España, na UE, o peche da fenda dos ingredientes no regulamento de substancias químicas.

03 **Protección e benestar dos cans de caza.** Os cans utilizados en actividades cinexéticas deben estar incluídos nas garantías básicas da lexislación de benestar animal, sen que o seu uso para a caza supoña unha menor protección fronte ao abandono, ao maltrato ou a unhas condicións de vida inadecuadas. Por iso, propoñemos revisar a súa exclusión xeral da Lei 7/2023 e substituíla por un modelo

de inclusión parcial que garanta **uns mínimos comúns de benestar, identificación, atención veterinaria, aloxamento axeitado e protección fronte ao abandono**.

04 **Menos abandono, máis adopción.** Impulsaremos un Plan Integral contra o Abandono Animal que reforce os servizos públicos de protección e acollida con recursos suficientes, promova a adopción responsable fronte á compra impulsiva e facilite a identificación, a esterilización e a atención veterinaria, especialmente ás familias con menos recursos. Estableceremos unha colaboración estable e financiada coas protectoras e desenvolveremos campañas de educación e sensibilización para previr o abandono.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Cans e gatos recollidos por abandono ou perda	285.000 Fundación Affinity · 2025	**-30 %**	**2030**
Plan Integral contra o Abandono Animal	*Medida nova*	**Aprobado, con financiamento estatal**	**2027**

21

EIXE 21 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Cultura

Interésache se che importa: Coñecemento e cultura | Mundo rural

> *A cultura é un dereito de toda persoa, como recolle o artigo 27 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Axúdanos a entendernos, a lembrar e a imaxinar outros futuros. Queremos que a renda ou o código postal non decidan quen accede a ela, que as persoas máis excluídas tamén a creen e que quen vive da cultura teña dereitos.*

1. Unha Lei do Dereito á Cultura. A cultura é un dereito de toda persoa (art. 27 da DUDH), non un luxo para quen pode pagalo. Aprobaremos unha lei estatal que desenvolva ese dereito e protexa o patrimonio. Recoñecerá a cidadanía non só como público, senón tamén como creadora de cultura, con canles de participación nas decisións culturais. Garantirá a liberdade de creación e a diversidade cultural, e establecerá un financiamento estable, público e privado, con criterios transparentes. A lei completará ademais o desenvolvemento do Estatuto do Artista, para que quen vive da cultura teña dereitos laborais e protección social nos períodos sen traballo.

2. Cultura sen exclusións: que a renda non decida quen accede á cultura. Destinar unha parte fixa do orzamento cultural a proxectos artísticos realizados con e desde as persoas máis excluídas: centros penitenciarios, residencias, hospitais, recursos para persoas sen fogar e barrios esquecidos. Trátase de que estas persoas tamén creen, non só de que asistan a funcións.

3. Lugares de memoria e reconciliación. Crear unha rede estatal de espazos de memoria e reconciliación, con exposicións, arquivos e programas educativos. Neles escoitaranse xuntas as voces de quen sufriu a violencia política do último século: a Guerra Civil, a ditadura franquista, o terrorismo de ETA e as violacións de dereitos humanos cometidas polo Estado. Non se trata de reabrir feridas, senón de construír unha verdade compartida e aprender a convivir. Estes espazos estarán abertos a centros educativos e entidades sociais.

4. Cultura da cidadanía global. A cultura non ten fronteiras, pero moitas persoas creadoras si as sofren. Propoñemos un visado cultural áxil para artistas de países empobrecidos convidados a festivais e residencias, porque hoxe moitos non chegan a actuar por denegacións ou atrasos; programas de residencias artísticas compartidas con creadores de África, América Latina e Asia, dentro da Cooperación Española; e apoio ás expresións culturais das comunidades migrantes que viven en España, como riqueza común e non como folclore á parte.

5. Cultura viva no mundo rural. Unha rede de cultura rural que leve programación estable, e non só campañas de verán, aos concellos pequenos. Incluirá residencias para creadores dispostos a vivir e traballar nas vilas e aldeas, apoio ás festas, tradicións e oficios que forman parte do patrimonio inmaterial, e aos espazos polivalentes onde a cultura e o deporte de base volven facer comunidade. Unha cultura viva dá razóns para quedar e para volver.

COMPROMISOS MEDIBLES 2026–2030

Así poderás comprobar se cumprimos

QUE	HOXE	META	PRAZO
Lei do Dereito á Cultura	*Medida nova*	**Aprobada**	**2028**
Estatuto do Artista	*Medida nova*	**Desenvolvemento completo**	**2027**

22

EIXE 22 · PROGRAMA ELECTORAL 29N 2026

Política exterior ao servizo da paz e do desenvolvemento sostible

Interésache se che importa: Mundo e paz

> *En tempos de escalada militar e de discursos bélicos, nos que o rearmamento se presenta como inevitable e a guerra volve normalizarse como instrumento político,*

Escollemos a defensa da vida e a seguridade integral por riba do negocio das armas e do horror da destrución, porque a historia demóstranos que a violencia xera violencia e que as armas non solucionan os problemas nin a curto nin a longo prazo.

En tempos de imperialismos expansionistas e da lei do máis forte, nos que a imposición militar e económica pretende substituír o dereito,

Escollemos a diplomacia, a cooperación e o dereito internacional como ferramentas de seguridade colectiva e desenvolvemento global, porque só desde a unión se pode construír un futuro para toda a humanidade e o planeta.

01 **Garantir a transparencia e a rendición de contas á cidadanía no relativo aos orzamentos de defensa**

02 **Non avanzar na escalada armamentística incrementando o gasto militar** a nivel estatal e europeo, e reorientar estas partidas á atención das necesidades básicas da cidadanía. Apoiar activamente a proposta **«Dividendo para a paz mundial»**,

que propón reducir o gasto militar nun 2% en todos os países, o que permitiría xerar un aforro de máis dun billón de dólares estadounidenses (USD) en 5 anos (2025-2030) para loitar contra as emerxencias planetarias.

03 **Pór fin ao comercio irresponsable de armas** aplicando as normativas xa existentes (TCA e normativa da Unión Europea), prohibindo a exportación a países en guerra ou que vulneren sistematicamente os dereitos humanos e mellorando a avaliación de risco das autorizacións de exportación, a transparencia e o control parlamentario previo.

